# Unha idea... moi cansa!

*(No ximnasio, EVA, ALBERTE, LAURA e CIBRÁN fan abdominais mentres falan.)*

**EVA:** Dóeme o pescozo…

**ALBERTE:** E a min, a barriga…

**LAURA:** Eu teño unha dor de costas…

**CIBRÁN:** *(Bufando.)* Queredes calar dunha vez? Oírvos aínda empeora as cousas!

*(Calan os catro, só uns segundos.)*

**EVA:** *(Coma antes.)* Quédanos moito?

**ALBERTE:** *(Laiándose.)* Vinte abdominais…

**LAURA:** Buf!

**CIBRÁN:** *(Enfadado.)* Pero como se vos ocorreu? *(Imita a voz dos amigos, pero con ton de burla.)* «O primeiro equipo que faga cincuenta abdominais elixirá o deporte de hoxe». Vaia idea!

*(Entra sorrindo ANTÍA, a mestra de Educación Física.)*

**ANTÍA:** Que? Como ides?

**EVA:** *(Disimulando, con ton alegre.)* Moi ben!

**ALBERTE:** *(Igual.)* De marabilla!

**LAURA:** *(Igual.)* Xenial!

**CIBRÁN:** *(Entre dentes.)* Coa lingua fóra…

**ANTÍA:** Que dis, Cibrán?

**CIBRÁN:** *(Mordendo a lingua.)* Nada, nada… Que imos ben.

**EVA:** E os outros? Como van?

**ANTÍA:** *(Escachando coa risa.)* Os outros hai tempo que se renderon!

**LAURA:** *(Parando, indignada.)* E non nos dixeches nada?

**ALBERTE:** *(Igual.)* E deixáchesnos sufrir así?

**EVA:** *(Igual.)* Hai que ver!

**CIBRÁN:** *(Contento.)* Entón, podemos dicir que fomos os mellores! Decidimos nós a que imos xogar, non?

**ANTÍA:** De acordo. Que preferides? Fútbol, baloncesto, voleibol…

**LAURA, ALBERTE E EVA:** *(Á vez.)* Descansar!

**CIBRÁN:** *(Enfadadísimo.)* Xa sabía eu que isto non ía acabar ben!



**1** **Resolve estas cuestións sobre o texto.**

- Quen son os protagonistas? ____________________
- Onde están? ____________ A que clase asisten? ____________
- Que tipo de exercicio fan? ____________ Marca o debuxo que o representa.

☐  ☐  ☐ 

- Cantos abdominais teñen que facer? ____________________
- Cantos lles quedan? ____________ Polo tanto, cantos fixeron xa? ____________

**2** **Risca a resposta incorrecta. Por que estaban a facer tantos abdominais os rapaces?**

| | |
|---|---|
| Porque acordaran que os primeiros en facelos poderían elixir o deporte que ían practicar ese día. | Porque se trataba dunha proba para obter boa nota en Educación Física. |

**3** **Relaciona cada expresión da lectura co seu significado.**

| | |
|---|---|
| Falar entre dentes. | Rir moito, ás gargalladas. |
| Morder a lingua. | Murmurar, falar en voz baixa. |
| Escachar coa risa. | Conterse para non dicir algo. |

**Inventa en cada caso unha pregunta que comece coa palabra que se indica.**

Que...? ____________________

Cando...? ____________________

Onde...? ____________________

**4** **Escribe exclamacións que empecen coas seguintes palabras.**

Canto...! ____________________

Como...! ____________________

Que...! ____________________

**Multiplica.**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 217 × 4 | 571 × 6 | 209 × 7 | 423 × 3 |
| 498 × 2 | 234 × 9 | 379 × 8 | 637 × 5 |

**1.** **Lee, resuelve y escribe la solución.**

- En un bar se preparan 125 bocadillos por la mañana y 196 bocadillos por la tarde cada día. ¿Cuántos bocadillos se preparan en 5 días?

Primera operación

Segunda operación

Solución: ______________________________

- En la biblioteca del colegio hay 6 estanterías y en cada estantería hay 75 libros. Si se han prestado 73 libros, ¿cuántos libros quedan en la biblioteca?

Primera operación

Segunda operación

Solución: ______________________________

**¿Qué camino tienen que recorrer Jon y Eva para llegar al zoo? Marca el camino que tienen que recorrer restando 72 cada vez.**

